

FISCALIZADO CONFORME

DATA 18.11.15



## PREGO DE PRESCRICIÓNNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA “REDACCIÓN DOS PROXECTOS PARA AS BANDEIRAS AZUIS DE SANXENXO E SEGUIMENTO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN – CAMPAÑA 2016”.

### 1.- ANTECEDENTES E ÁMBITO

De acordo ás bases reguladoras adoptadas anualmente pola ADEAC (Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor) para a concesión do galardón ambiental Bandeira Azul, preséntase a cada convocatoria anual o proxecto das praias de Sanxenxo, así como do Porto Deportivo “Juan Carlos I”.

O obxectivo primordial da redacción destes proxectos é a consecución dos galardóns medio ambientais que contribúen ao fomento do sector turístico e á posta en valor dun dos nosos recursos turísticos máis importantes, entendido como a realización dunha serie de actuacións dirixidas a obter de cada recurso o máximo valor engadido. Elo tradúcese en conseguir que o termo municipal de Sanxenxo convértase nun referente a nivel rexional, e incluso nacional, de modelo de turismo sostible e responsable, destacando en aspectos como o respecto ao medio ambiente, a educación ambiental, a prestación de servizos e a accesibilidade.

Por outro lado, o obxectivo tamén é o mantemento da campaña nuns niveis óptimos de resposta e información ao cidadán, ao turista, onde calquera imprevisto teña una rápida resposta.

### 2.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto da contratación é a asistencia técnica para:

- A confección dos proxectos de candidatura ao galardón ambiental Bandeira Azul, serían:
  - **PRAIAS:** AREAS, SILGAR, BALTAR, CANELIÑAS, CANELAS, PAXARIÑAS, MONTALVO, BASCUAS, PRAGUEIRA, MAJOR, FOXOS, AREAS GORDAS, A LAPA y O ESPIÑEIRO-A LANZADA (14 candidaturas de praias).
  - **PORTO:** Porto Deportivo Juan Carlos I (1 candidatura de portos).
- Ao mesmo tempo, coincidindo coa tempada oficial de baño en Galicia, do 1 de xuño ao 30 de setembro, faise necesario contar cunha campaña de seguimento en todas



as praias incluídas no Programa de Vixiancia Sanitaria das praias de Galicia, incluídas igualmente no proxecto Náyade (sistema de información do Ministerio de Sanidade). As praias incluídas neste Programa de Vixiancia Sanitaria serían, ademais das 14 mencionadas no apartado anterior, as de AGRA, PANADEIRA e NOSA SEÑORA DE A LANZADA. Deste xeito as praias que optarían á candidatura de bandeira azul serían 14, mentres que os areais nos que se tería que levar a cabo o Programa de Vixiancia Sanitaria das praias de Galicia serían un total de 18 areais, xa que O ESPÍNEIRO-A LANZADA, opta a una sola candidatura del galardón de Bandeira Azul, con todo, o Programa de Vixiancia Sanitaria deberá executarse por separado, diferenciando a zona de O ESPÍNEIRO como unha praia independente do areal de A LANZADA.

### 3.- DESCRICIÓN DOS TRABALLOS

No presente Prego de Prescricións Técnicas describense os traballos que se han de realizar e os resultados e informes a subministrar por parte da empresa adxudicataria.

Os traballos da asistencia técnica proposta deberanse materializar na realización das seguintes tarefas:

- 1) No que se refire á **confección dos proxectos de candidatura ao galardón ambiental de Bandeira Azul**, estes axustaranse estritamente aos requisitos que cada ano estableza a ADEAC (Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor), entidade que outorga as Bandeiras Azuis, tanto en forma como en contido, cumprindo os prazos estipulados de presentación. De todos os proxectos e información que se elabore para a confección das candidaturas ao galardón ambiental, faranse e entregaranse as copias necesarias para a súa correcta tramitación, con un mínimo de tres copias.
- 2) No que se refire á **campaña de seguimento en todas as praias incluídas no Programa de Vixiancia Sanitaria das praias de Galicia**, dita campaña desenvolverase dentro da tempada oficial de baño en Galicia, é dicir, do 1 de xuño ao 30 de setembro, e incluirá:
  - a) "Programa de Vixiancia Sanitaria de Sanxenxo" nos 18 areais citados na cláusula 2<sup>a</sup> do presente Prego, poñendo en marcha un mecanismo de supervisión, vixiancia, inspección e tramitación da documentación, asegurando o cumprimento dos requisitos de competencia municipal do RD 1341/2007, de 11 de outubro, sobre xestión da calidade das augas de baño e coa Directiva 2006/7/CE relativa á xestión da calidade das augas de baño.



- b) "Campaña Bandeira Azul Sanxenxo", poñendo en marcha un mecanismo de supervisión, vixiancia e inspección, para o cumprimento continuo dos requisitos imperativos do galardón ambiental Bandeira Azul, con toda a xeración de informes e tramitación da documentación que de elo se derive.
- c) Confección do "**Informe de situación inicial**" sobre todas as praias de Sanxenxo incluídas no Programa de Vixiancia Sanitaria das praias de Galicia (18 areais), así como sobre o Porto Deportivo "Juan Carlos I". Dito informe inicial confeccionarase antes do día 15 de xuño de cada tempada, debendo conter o estado actual no que se atopen as praias, propoñendo obras ou actuacións para un mellor aproveitamento dos espazos, tamén conterá unha localización dos elementos municipais que se dispoñen en todos os areais cada tempada.
- d) Seguimento, durante toda a tempada, de todas as praias incluídas no programa, informando das deficiencias detectadas.
- e) Confección, deseño e colocación de toda a información esixida no RD 1341/2007, de 11 de outubro, sobre xestión da calidade das augas de baño, durante toda a tempada de baño, información que se colocará en todos os paneis informativos que se instalen nas praias incluídas no Programa de Vixiancia Sanitaria. Ademais, nas praias que obteñan a Bandeira Azul, colocarase toda a información que esixe o propio galardón.
- f) Actualización inmediata, nos 18 areais, de dita información en canto se reciban os controis microbiolóxicos periódicos por parte da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, así como toda a información ambiental imperativa segundo a Bandeira Azul.
- g) Confección de informes concretos sobre a calidade das augas, algas nas praias, lixo nalgún punto, etc.
- h) Total disposición e colaboración coa Inspección Sanitaria oficial encargada de realizar os controis microbiolóxicos en todas as praias durante toda a tempada de verán para a Consellería de Sanidade, facilitando en todo o posible a súa labor, levando a cabo as oportunas xestións necesarias para emendar os problemas que poidan xurdir durante ditas inspeccións (vertidos incontrolados, avisos á Policía Local, aviso usuarios da praia, etc). A mesma disposición e colaboración terase coa Inspección Bandeira Azul nas súas visitas aos areais de Sanxenxo.
- i) Contacto permanente co Servizo de Salvamento e Socorrismo do Concello de Sanxenxo para abordar calquera incidencia que ocorra nos areais, vinculada ao obxecto do contrato, durante toda a tempada.



- j) Seguimento e valoración, durante toda a tempada, das análises microbiolóxicos que realice a Inspección Sanitaria oficial.
  - k) Asesoramento técnico para resolver as dilixencias e requirimentos da Autoridade Sanitaria que se produzan durante toda a tempada oficial de baño.
  - l) Colocación, en todos os módulos de salvamento e socorrismo, a pé de praia, de "Follas de Suxerencias", a disposición dos usuarios das praias.
- 3) Confección, ao finalizar a tempada, dos seguintes dossieres, que serán entregados antes do 15 de outubro de cada tempada:
- a. **INFORME FINAL:** Neste informe recolleranse as incidencias detectadas durante toda a tempada en todos os areais, facendo unha valoración xeral das mesmas, así como as propostas de melloras a incluír de cara a seguinte tempada. Este Informe estruturarase distinguindo claramente as dúas campañas que se desenvolven nas praias do termo municipal de Sanxenxo, por un lado "Programa de Vixiancia Sanitaria das praias de Galicia" e por outro, a "Campaña Bandeira Azul Sanxenxo".
  - b. **INVENTARIO:** Neste inventario reflectirase, sobre planos, a localización exacta, número de unidades, estado, etc. de todos os elementos que se dispoñen nos areais, tales como módulos de SOS, módulos de aseos, pasarelas, duchas, papeleiras, etc.

#### **4.- METODOLOXÍA PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS**

A empresa adxudicataria definirá a metodoloxía máis adecuada para o desenvolvemento do servizo, segundo o seu criterio e experiencia, respectando as condicións establecidas no presente Prego.

A empresa adxudicataria disporá de todos os medios técnicos, materiais, económicos e humanos necesarios para levar a cabo o correcto desenvolvemento do servizo, sendo pola súa conta a obtención de todos os permisos e autorizacións sectoriais necesarias para a realización do mesmo, conforme ao alcance do presente Prego.



## 5.- DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato será de **UN (1) ANO**.

## 6.- PREZO

O orzamento establecido para a presente contratación ascende a un total de **VINTECINCO MIL EUROS/ANO (25.000,00 €/ano), sen IVE**. Engadindo a este orzamento anual o 21% de IVE (5.250,00 €), resulta un importe total de **TRINTA MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS/ANO (30.250,00 €/ano), con IVE**.

Sanxenxo, 12 de novembro de 2015.

O Enxeñeiro Técnico Municipal

Asdo.: José María Troncoso Viñas.